

## CASUALIDADE NA (MIÑA) PRÁCTICA CLÍNICA

### AUTOR

Carlos Sevillano Torrado (Pontevedra, 1981), Coordinador de Oftalmoloxía no Hospital do Salnés, titor de residentes de MFeC. Membro da Soc. Galega de Oftalmoloxía e vocal da Soc. Galega Telemedicina. Máster en Ciencias da Visión e Doctorado cum Laude pola USC, con máis de 30 publicacións en diversas áreas da oftalmoloxía.

**Correspondencia:** Carlos Sevillano Torrado. Calle Joaquín Costa 21, 2ºD, 36001. Pontevedra. email: [carlos.sevillano.torrado@sergas.es](mailto:carlos.sevillano.torrado@sergas.es)

A casualidade, serendipia, sorte ou como a queiran chamar, sempre existiu na sociedade e, por tanto, na medicina. Todos coñecemos como a Fleming, no 1928, se lle esqueceran unas placas de Petri e descubriera un fungo que cambiaría a práctica clínica para sempre; ou como, no 1940, descubriron que a Warfarina usada para acabar cos roedores non era mortal nos humanos, grazas a un apoucado que intentara suicidarse tomando matarratos. Entrando no meu campo, a oftalmoloxía, é curioso como comezou a era das lentes intraoculares: Harold Ridley, trala Segunda Guerra Mundial, atendendo a un piloto, decatouse de que tiña cachiños da cabina (de PMMA) intraoculares, e que non xeraban reacción.


Por suposto que na vida persoal, todos temos tamén coincidencias curiosas, ás veces que marcan de por vida. Soamente vos contarei dúas miñas porque se entroncan coa oftalmoloxía: a primeira curiosidade é que meu pai mercou o seu primeiro coche (un Seat 1500) grazas a un rapaciño que comezaba a residencia en oftalmoloxía no Hospital Provincial de Pontevedra e que, por mor do destino, convertiuse no meu primeiro mestre 35 anos máis tarde (unha aperta dende aquí abaixo, Dr. Souto). E cómo lle chamaríades ao feito de que, en tempos de entrar na facultade de Medicina, a última persoa en coller praza se convertira mais adiante na nai dos meus fillos? (un bico a vólos 4).

En fin, que me lío, e eu vin aquí a falar do meu libro. Antes de entrar en materia, quero aclarar un erro que seguro moitos de vos cometíchedes ao ler o título: casualidade non é causalidade. Isto sabémolo ben os que algunha vez tivemos que loitar contra a estatística e os seus xigantes. No medio das dúas acepcións temos as “relación espúreas”; cousas que teñen relación pero sen ter causa-efecto, é dicir, son casualidades pero moi ben traídas. A miña favorita é “peli estreada de Nicolas Cage - mortes por afogamento” (home, hai varios filmes seus que son “morralla”, pero tanto como para iso...). É curioso, pero certo, que no ano que se estreaban as súas películas, aumentaban este tipo de sucesos. Tendes moitos exemplos<sup>1</sup>.


Na miña experiencia clínica, quero amosarvos dous casos que penso son boa mostra do que é casualidade. Mais alá de ter operado de cataratas ao Sr. Quiveo, ao Sr. Mirón, a Al-ber-to Blanco ou a algún que outro Casimiro (que tamén é de traca), a primeira vez que pensei na sorte foi acabado de chegar ao Hospital do Salnés, onde, estreando un retinógrafo, non tiñamos doentes para entrenar e meteron unha auxiliar que por alí pasaba. Tendes a foto na figura 1: a papila do ollo dereito perfecta, a do esquerdo glaucomatosa terminal. O segundo caso<sup>2</sup>, do que me sinto moi orgulloso, é a figura 2a. Un doente acude para revisar o ollo bo, porque “do malo non ve dende neno”, e ese malo ten unha imaxe estraña; todo queda aí. A sorte fai que un par de meses máis tarde, lendo un atlas de fotos, topo coa imaxe da figura 2b, tan semellante á primeira, que removín ceo e terra para dar coa persoa que consultara meses antes (aínda me recordan no servizo de cita previa): tiña un corpo estraño metálico intraocular que houbo que operar.

Seguro que moitos tendes casos para compartir. E recordade que a sorte, hai que buscala. Ás veces, atópala.

**Figura 1. Papilas dunha compañeira, fotografadas por casualidade.**



**Figura 2. a) Doente do meu hospital; b) Imaxe de siderose ocular extraída do Atlas de imaxes Kanski (reproducida con permiso da editorial).**



## BIBLIOGRAFÍA

1. [www.tylervigen.com/spurious-correlations](http://www.tylervigen.com/spurious-correlations)
2. Sevillano Torrado C; Rodríguez López V, Lugo Adán E. Siderosis Ocular. *Superficie Ocular y córnea*, 2012; 2(9): 14-15